



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



Pozo de Pereira Nº 22
15360 - Cariño (A Coruña)
☎ 881960101
ies.cabo.ortegal@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescaboortegal>



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

ELECCIÓN PARA A RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR 2024

CONVOCATORIA ALUMNADO

De acordo coa resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL do IES Cabo Ortegal, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 43 do Decreto 324/1996 do 26 de xullo, e no punto oitavo da Orde do 21 de outubro de 1996, **corresponde elixir no presente proceso electoral a 1 alumna/o**, dun total de 1 representantes que poden ter no Consello Escolar.

No caso de presentarse máis de unha candidatura, o candidato con maior número de votos entrará a formar parte do Consello Escolar durante os próximos 2 anos. Segundo o artigo 50 do Decreto 92/1998 do 28 de abril, os empates que se puidesen producir en número de votos dirimiranse en favor dos que posúan maior antigüidade no centro e, en caso de igualdade, a elección dirimirase por sorteo.

2. Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados no centro, e todos poderán ser elixidos membros do Consello Escolar e incluídos no Censo correspondente que a partir do 25 de outubro de 2024 está exposto no taboleiro de anuncios. **As reclamacións ao referido censo realizaranse** mediante escrito razoado á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do xoves 7 de novembro**.
3. Son elixibles os alumnos e alumnas que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na administración do centro. **As candidaturas poderán ser presentadas na administración do IES Cabo Ortegal entre o luns 28 de outubro e o xoves 7 de novembro**.

4. O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público entre os alumnos e alumnas que non se presenten como candidatos/as o **venres 8 de novembro ás 11:00 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do centro, que actuará como Presidente, e dous alumnos/as actuando como secretario/a o de menor idade.
5. Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos existentes no centro ou avalados pola sinatura de dez electores.
6. **As votacións** realizaranse no IES Cabo Ortegal o **martes 19 de novembro** entre as 9:30 e as 12:20 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día en acto público ás 9:25 horas.
7. Na papeleta de votación, cada elector fará constar un máximo de 1 nome dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado.
8. Finalizada a votación, procederase ao escrutinio de votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
9. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.
10. O conxunto das actas das distintas votacións serán remitidas á Xefatura Territorial segundo o modelo do ANEXO I da Resolución do 10 de setembro de 2024 o luns 25 de novembro.

Cariño, 25 de outubro de 2024

O presidente da Xunta Electoral



Asdo: Manuel Otero Rodríguez